| 6 | Reposición lámpada V. S. A.P. 70W E-27 | 55,63 | 333,78 | |
| 7 | Reposición lámpada baixo cosumo 13/15/18/23/W E-27 | 37,33 | 261,31 | |
| 1 | Reposición Luminaria Fernandina (V.S.A.P. 100W E-40) | 315,35 | 315,35 | |
| 1 | Reposición cabeza cédula fotoeléctrica | 45,30 | 45,30 | |
| 3 | Reposición contactor 2P 40A. 2NA | 70,90 | 212,70 | |
| 40 | Reposición liña soterrada de 4x06mm | 5,37 | 214,80 | |
| 10 | Reposición cartucho fusible 6/10/16/20/25/32 A. | 12,99 | 129,90 | |
| 1 | Reposición diferencial 2P 40A. 300 mA. | 133,28 | 133,28 | |
| 3 | Reposición térmicos (1P+N 10A., 1P+N 16A., 1P+N 20A., 1P+N 25A.) | 28,97 | 86,91 | |
| 6 | Reposición tubo fluorescente con cebador TL-D 18/36W 840 | 17,79 | 106,74 | |

Resultado do periodo comprendido entre decembro de 2012 e novembro de 2013

| | |
|---|---|
| SUMA INGRESOS | 37.400,04 |
| SUMA GASTOS | 31.222,40 |
| DIFERENZA | 6.177,64 |

## 7. Licenza urbanística

A) Expte: 14/388 – Concesión de licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar de Vigo, na parroquia de Lamas

Antecedentes:

Con data do 04/03/2014 (rexistro de entrada núm. 14/388), por Pamela xxxxx, con DNI número xxxxxx, preséntase un proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto D. Manuel A. Echeverría Ulargui, colexiado número 461, para a construción dunha vivenda unifamiliar, situada no lugar de Vigo, na parroquia de Lamas, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural.

Con data do 13/03/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese un **informe técnico**, favorable condicional, que obriga á promotora a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 20/03/2014 (rexistro de saída 14/260, de data 21/03/2014), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento da promotora, que debe presentar a documentación correspondente, que se sinala no propio informe técnico.

Con data do 03/04/2014, (rexistro de entrada núm. 14/604, de data 04/04/2014), por Pamela xxxxx, preséntase un anexo coa documentación requirida no informe técnico de data do 13/03/2014.

Con data do 22/04/2014, a técnica municipal emite un novo informe favorable condicional, condicionado á introdución de máis modificacións técnicas, dándolle traslado dunha copia do mesmo á interesada con data 30/04/2014.

Con data do 06/05/2014 (rexistro de entrada núm. 14/838, de data 8/05/2014), por Pamela xxxxx, xúntase unha nova documentación técnica, en base ó anterior informe técnico municipal.

Con data do 28/05/2014, os Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emiten **informe técnico favorable** para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 6/06/2014, emítese informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa: o ingreso da taxa, que corresponde aboar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 119,48 €; a solicitude de inscrición no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios; o Oficio de Dirección de Obra do arquitecto D. Manuel A. Echeverría Ulargui, colexiado número 461 e Oficio de Dirección de execución de obra do arquitecto técnico, don Jaime Casais Pequeño, colexiado número 128; polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

**Primeiro:**

Conceder, a Pamela xxxxx, a licenza municipal de obras, para a "*construción dunha vivenda unifamiliar illada*", sita no lugar de Vigo, na parroquia de Lamas, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

**a.-) Condicións particulares:**

01. Núm. do expediente: **14/388**
02. Promotor da licenza: **PAMELA xxxxx**
03. DNI do promotor: **xxxxx**
04. Clasificación urbanística: **SOLO DE NÚCLEO RURAL**
05. Tipo de Obras: **CONSTRUCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA**
06. Situación e emprazamento: **VIGO – LAMAS**
07. Taxa pola solicitude da licenza: **119,48 €**
08. Orzamento de execución material das obras: **106.200,00 €**
09. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): **2.655,00 €**
10. Técnico autor do proxecto: **MANUEL A. ECHEVERRÍA ULARGUI**. Arquitecto
11. Prazos de execución:

- Para comezar as obras: **SEIS MESES**
- Para terminar as obras: **TRES ANOS**

**b.-) Condicións especiais:**

12. Deberase achegar o Certificado de Eficiencia Enerxética, selado polo Inega.
13. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas e seguros correspondentes.

14. Deberá instalarse o cartel de obra na parcela cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.
15. Deberanse cumprir tódalas condicións impostas no proxecto técnico, visado con data 27/02/2014, e toda a documentación complementaria presentada, que sirve de base para a concesión desta licenza.

**Segundo**:
Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **2.655,00 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

**Pago da liquidación:**
Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do "Concello de Boqueixón."
- Conta Nº: xxxxxx - Novagalicia Banco (Lestedo - Boqueixón).

B) Exp.: 10/2308. Concesión de licenza municipal de obras, para a mellora de tubería de traída de auga, en Troitomil – Lestedo.

Antecedentes:

Con data do 16/09/2010 (rexistro de entrada nº 10/2308), por Jesús xxxxx, con DNI nº xxxxxx, preséntase unha memoria descritiva das obras previstas, e planos de situación urbanística e de emprazamento, para realizar as obras de substitución dunha tubería de traída de auga, emprazada no lugar de Troitomil, na parroquia de Lestedo, situada urbanísticamente en Solo Non Urbanizable Normal e Solo Non Urbanizable de Protección Agropecuaria.

Con data do 16/10/2010, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un informe favorable condicional, que obriga ao promotor da licenza a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 27/10/2010 (rexistro de saída nº 10/1062), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, que debe presentar a documentación correspondente, que recolla as modificacións esixidas no dito informe técnico.

Con data do 08/11/2010 (rexistro de entrada nº 10/2751), polo promotor preséntase alegación en base ao informe técnico emitido.

Con data do 15/12/2010, por María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico favorable condicionado, á presentación da documentación requirida no informe realizado previamente, e comunicándoselle posteriormente ao promotor.

Con data do 07/01/2011 (rexistro de entrada nº 11/102) preséntase unha nova alegación polo promotor, en base ao informe técnico de data do 15/12/10, xunto cunha nova memoria técnica para a legalización da traída de auga.

Con data do 17/02/2011, por María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o informe técnico favorable, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a legalización da traída de augas existente, de acordo coa documentación presentada. Neste mesmo informe, e con referencia á substitución de tubería prevista, requíreselle ao promotor, que deberá aportar memoria valorada das actuacións, dado que anteriormente só se presentou unha memoria descritiva; así como deixar claro que as actuacións previstas non modifican en ningún momento as condicións

establecidas na concesión outorgada por Augas de Galicia no ano 2004, do contrario, sería necesario solicitar nova autorización.

Con data do 28/02/2011 (rexistro de saída nº 11/232, de data 01/03/2011), pola Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, que debe presentar a documentación administrativa ou técnica que se sinala no informe técnico, e que xa fora requirida nos anteriores informes de data do 16/10/2010 e do 15/12/2010.

Con data do 07/03/2011 (rexistro de entrada nº 11/671, de data 09/03/2011), o promotor presenta a documentación xustificativa requirida para a concesión da licenza das obras solicitadas.

Con data do 25/03/2011, por María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais emítese o **informe técnico favorable**, ao expediente de substitución da tubería dunha traída de auga, facendo constar no mesmo, que dito informe se realiza baixo criterios urbanísticos, ós efectos oportunos, sen prexuízo de terceiros e salvo dereitos de propiedade.

De acordo co requirido polos servizos técnicos urbanísticos municipais, no informe de data do 15/12/2010, procédese na Xunta de Goberno Local, con data de 06/04/2011, á aprobación da legalización da tubería da traída de augas existente, a nome de Jesús xxxxx, en base ao proxecto de legalización presentado, e á Resolución de Augas de Galicia, de data do 15/12/2004. Este acordo notifícaselle ao promotor, con data 8/04/2011, e con rexistro de saída nº 11/372.

Como consecuencia do trámite a seguir, e con relación ao expediente de solicitude existente no Concello, con data do 20/04/2011 (rexistro de saída nº 11/426), solicítase ao Organismo Autónomo Augas de Galicia, un informe no que se detalle a situación na que se atopa a tramitación do expediente da concesión de augas públicas, a nome de Jesús xxxxx.

Con data do 16/05/2011 (rexistro de entrada nº 11/1234), ten entrada nestas dependencias municipais, o informe emitido con data 12/05/2011, polo xefe da Área de Autorizacións e Concesións da Zona Galicia Centro, de Augas de Galicia, aclarando no mesmo as cuestións plantexadas polo Concello sobre o expediente en cuestión.

Segundo o antedito informe de Augas de Galicia, as obras solicitadas son viables, sen prexuízo do que resulte da tramitación do novo expediente, existente nese Organismo, no que se solicita o cambio das características esenciais do aproveitamento concedido, pasándoas de uso doméstico a uso gandeiro e rega, **así como a substitución da tubaxe**.

Como consecuencia desta nova solicitude, de modificación da concesión de augas públicas outorgada polo Presidente de Augas de Galicia con data do 15/12/2004, con data do 08/07/2011, con rexistros de entrada nº 11/1764 e 11/1765, recíbese de Augas de Galicia, unha copia dos expedientes, para a información pública, e o preceptivo informe previo.

Con data 14/07/2011 (rexistro de entrada na Xunta de Galicia nº 11/422), remítese o informe previo, no que se detallan certas condicións que se deberían ter en conta á hora de executar as obras previstas no lugar de Troitomil.

En base a dita exposición pública, con data 08/08/2011, preséntanse no Concello tres reclamacións con respecto a este novo expediente, remitíndoas, xunto coa certificación do resultado desa exposición pública, a Augas de Galicia con data do 12/08/2011, e rexistro de saída nº 11/787.

Con data do 27/03/2014 (rexistro de entrada nº 14/574, de data do 02/04/2014), por don Jesús xxxxx, solicita no Concello que se continúe coa tramitación da licenza para o cambio da tubería, xa que consta no seu poder a Resolución da Autorización, outorgada por Augas de Galicia así como a legalización da traída de augas existente, concedida polo Concello de Boqueixón, na Xunta de Goberno Local, con data do 20/04/2011, en realidade foi concedida con data do 06/04/2011.

Con data do 17/03/2014 (rexistro de entrada nº 14/473), ten entrada nestas dependencias municipais, a Resolución da Autorización de Augas de Galicia, de data 12/03/2014, de modificación de características da concesión outorgada con data 15/12/2004.

Na antedita Resolución, Augas de Galicia fai constar que o trazado da tubaxe será acometido de conformidade co descrito no informe técnico emitido coa data 22/03/2012 e no plano anexo ao dito informe, do que se lle require unha copia a este Organismo, co fin de poder outorgar a correspondente licenza municipal de obras en base a dito informe. Con data do 19/05/2014, a xefa da área de autorizacións e concesións remítenos unha copia do mesmo.

A Dirección de Augas de Galicia, con data do 04/06/2014 remite ao Concello unha nova resolución de data 3 de xuño de 2014, na que se rectifica un erro existente na Resolución de data 12/03/2014, mantendo a vixencia do resto dos apartados da devandita resolución.

Con data do 13/06/2014, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a xustificación do ingreso das taxas, que corresponden pola solicitude e tramitación da licenza municipal de obras, por importe de 61,62€, as Resolucións de Augas de Galicia, de data 15/12/2004, e de data 12/03/2014, así como a Resolución de data 03/06/2014, correspondente á rectificación desta última. Polo que unha vez o expediente completo, e en base aos informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a Jesús xxxxx, a licenza municipal de obras, para realizar O*bras de mellora de tubería dunha traída de augas existente*, emprazada no lugar de Troitomil, na parroquia de Lestedo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

**a).- Condicións particulares desta licenza:**

1. Núm. de expediente: **10/2308**
2. Promotor da licenza: **JESÚS xxxxx**
3. N.I.F. do promotor: **xxxxx**
4. Clasificación urbanística: **SOLO NON URBANIZABLE NORMAL E SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA**
5. Tipo de Obras a realizar: **OBRAS DE MELLORA DE TUBERÍA DUNHA TRAÍDA DE AUGAS EXISTENTE**
6. Situación e emprazamento: **TROITOMIL - LESTEDO**
7. Presuposto de execución material das obras: **4.774,40 €**
8. Liquidación do I.C.I.O. : **95,49 €**
9. Prazos de execución das obras, desde o recibo da notificación desta licenza:

   Para comezar as obras: **SEIS (6) MESES**
   Para terminar as obras: **TRES (3) ANOS**

**b).- Condicións especiais desta licenza:**

10.O promotor será responsable de cantos danos e prexuízos poidan ocasionarse, a intereses públicos ou privados, como consecuencia das obras obxecto desta licenza.
11. As obras deberán estar debidamente sinalizadas, e tomaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.
12. Serán de obrigado cumprimento as condicións impostas na Resolución de Augas de Galicia, de data do 12/03/2014, de modificación de características da concesión outorgada con data do 15/12/2004, coa súa correspondente rectificación na Resolución de data 3 de xuño de 2014, as cales se incorporan debidamente cotexadas a esta licenza.

**Terceiro:**

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de 95,49 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais. De non efectuar o ingreso, esta licenza non terá efectos.

**Pago da liquidación:**

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do "Concello de Boqueixón."

- Conta Nº: xxxxx - Novagalicia Banco (Lestedo - Boqueixón).

**8. Altas en abastecemento/saneamento**

A) Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario do servizo a persoa que se relaciona a continuación.

| NOME E APELIDOS | DNI/CIF | ENDEREZO INMOBLE | TAXA |
|---|---|---|---|
| José Manuel xxxxx | xxxxx | Deseiro de Arriba núm. 30- Sergude | 54,81 € |

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

**1º-** Dar de alta no servizo de abastecemento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.
A alta concedida é para vivenda
Don José Manuel xxxxx aboou a taxa no número de conta xxxxx-( Novagalicia Banco ). Achega xustificante da transferencia realizada.

**2º-** Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiaria de dito servizo á usuaria que se relaciona a continuación:

| NOME E APELIDOS | DNI/CIF | ENDEREZO INMOBLE | TAXA |
|---|---|---|---|
| María Carmen xxxxx | xxxxx | Pumares nº 12 - Sergude | 54,81 € |

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

**1º-** Dar de alta no servizo de saneamento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.
A alta concedida é para vivendas.
Dona María Carmen xxxxx, aboou a taxa no número de conta xxxxx-( Novagalicia Banco ). Achega xustificante da transferencia realizada.

**2º**- Notificar este acordo á beneficiaria citada anteriormente .

**9. Aprobación da factura de gastos derivados do "Programa de Prevención da Dependencia"**

Con data do 13 de xuño e con rexistro de entrada número 14/1108 recíbese unha factura para a súa aprobación e aboamento .
Dita factura imputarase con cargo á subvención da Deputación de FOAXCA 2013 que se resolveu con nº resolución 10957 e data de rexistro de entrada no Concello o 10 de xullo do 2013 , nº rexistro 13/1378 en concepto de gastos de persoal técnico e actividades do programa prevención da dependencia

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e imputar a seguinte factura e proceder ó seu aboamento

| Nº REXISTRO | DATA | EMPRESA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 14/017 | 09/06/14 | **FISS CORUÑA** Matilde xxxxx (xxxxx) | 490 € |

**10. Renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía**

Con data 11/06/2014 e número de rexistro de entrada 14/1078, foi presentada solicitude de renovación tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía, co número 15/034 e data de validez ata xullo de 2014, a nome de dona María xxxxx, veciña da parroquia de Lamas.
Por isto, proponse a renovación e outorgamento de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía á que teñen dereito.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

**1.-** Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía, solicitada a nome de dona María xxxxx, co DNI xxxxx, veciña do lugar do xxxxx, parroquia de Lamas, co número de tarxeta 15/034 e con data de validez ata xuño de 2024.

**2.-** Unha vez finalizada a data de validez ou por falecemento do titular, farase entrega da tarxeta no departamento de Servizos Sociais do Concello, para súa renovación ou baixa, segundo proceda.

**3.-** Notificar este acordo á interesada.

**11. Suspensión temporal do SAF por libre concorrencia**

Visto o informe da Traballadora Social, no que propón a suspensión temporal no Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrencia, a nome de dona Carmen xxxxx, veciña da parroquia de Boqueixón e tendo en conta que a usuaria foi dada de alta no SAF por libre concorrencia na Xunta de Goberno de data 22/10/2003, e logo traslådase provisionalmente a vivir cunha irmá ó Concello de Touro, a Xunta de Goberno acorda:

**1.-** A suspensión temporal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia a nome de dona Carmen xxxxx, co DNI xxxxx, veciña de Forte xxxxx Boqueixón, por un prazo máximo de tres meses, por trasladarse provisionalmente a vivir cunha irmá no Concello de Touro.

**2.-** Notificar este acordo á interesada.

**12. Solicitude subvención para contratación temporal de traballadores desempregados na realización do servizo "mantemento de xardíns e de espazos naturais" e aprobación do citado servizo.**

Vista a Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, e se aproba a convocatoria para o ano 2014 (DOG. núm. 104, martes 3 de xuño de 2014).

Compre salientar que a Orde establece no artigo 2, punto 3 unha asignación para cada entidade solicitante dunha axuda inicial equivalente ás contratacións que correspondan en función do numero de persoas perceptoras de Risga.

A Orde establece no artigo 4º que o período de contratación deberá ter unha duración superior ós seis meses e non poderá exceder os nove. Tamén establece que os contratos formalizaranse por escrito e concertaranse a tempo parcial, tendo en conta que a xornada de traballo debe ser igual ou superior ó 50% da xornada ordinaria na empresa ou sector. A citada Orde indica que os traballadores contratados deberán ser perceptoras de Risga cunha antigüedade mínima de 6 meses e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar o servizo denominado Mantemento de Xardíns e de espazos naturais, composto por un peón de xardineiro.

2 Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización do mencionado servizo, por importe de 11.974,86 €.

3 Dispoñer de asignación orzamentaria suficiente para facer fronte ás partidas orzamentarias non subvencionadas, para a realización das obras e servizos anteriormente descritos.

4 En relación ó cálculo da subvención do servizo para o que se solicita a subvención, as retribución salariais dos traballadores e traballadoras, en computo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á seguridade social, queda como segue:

| Nº TRAB | G-C | OCUPACIÓN | CNAE (4 díxitos) Ocupación (letra) | CUSTOS UNITARIO MENSUAL | | | | CUSTOS TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | SALARIO BRUTO | % COTA PATRONAL A S.S. | COTA PATRONAL S.S. | TOTAL CUSTO MENSUAL | DURACIÓN CONTRATO EN MESES | TIPO XORNADA % | CUSTOS SALARIAIS TOTAIS |
| 1 | 10 | Peón | D | 965,55 € | 37,80 | 364,99 € | 1.330,54 € | 9 | 75 | 11.974,86 € |
| | | | | | | | | | TOTAL SUBVENCIONABLE | 11.974,86 € |

**13. Solicitude subvención para contratación temporal de desempregados na realización do servizo "Mantemento e mellora de espazos de utilidade colectiva" e aprobación do citado servizo**

Vista a Orde do 22 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2014 (DOG. núm. 102, venres 30 de maio de 2014).

Compre salientar que a Orde establece no artigo 8. Punto 4. a) preferencia a proxectos que "trate de obras ou servizo relacionados coa utilidade colectiva, tales como: mantemento e revalorización de zonas públicas…".

A Orde establece no artigo 5º as contías máximas de subvención que percibirá cada entididade beneficiaria para os efectos salarias incluíndo a cotización empresarial á seguridade social, por cada persoa traballadora desempregada contratada segundo o grupo de cotización.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar o proxecto de obra denominado "Mantemento e mellora de espazos de utilidade colectiva": cun orzamento de 22.544,94 €.

2 Aprobar o seguinte servizo denominado "Mantemento e mellora de espazos de utilidade colectiva" formado por 1 peón de albanel e 1 albanel (oficial de 1ª),

3 Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización do mencionado servizo, por importe de 9.000,12 €

4 Dispoñer de asignación orzamentaria suficiente para facer fronte ás partidas orzamentarias non subvencionadas, para a realización das obras e servizos anteriormente descritos.

5 Dispoñer dos terreos e instalacións necesarios para a execución.

6 Executalo pola Administración.

7 En relación ó cálculo da subvención do servizo para o que se solicita a subvención, as retribución salariais dos traballadores e traballadoras, en computo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á seguridade social, queda como segue:

## 14. Rogos e Preguntas

| Nº TRAB | G-C | OCUPA CIÓN | CNAE (4 díxitos) Ocupa ción (letra) | CUSTOS UNITARIO MENSUAL | | | | CUSTOS TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | SALARIO BRUTO | % COTA PATRO NAL A SS | COTA PATRO NAL SS | TOTAL CUSTO MEN SUAL | DURA CIÓN CONTRA TO EN MESES | TIPO XOR NADA % | CUSTOS SALA RIAIS TOTAIS |
| 1 | 8 | Oficial de 1º | h | 1.088,54 € | | 411,48 € | 1.500,02 € | 3 | 100 | 4.500,06 € |
| 1 | 9 | Peóns | h | 1.088,54 € | | 411,48 € | 1.500,02 € | 3 | 100 | 4.500,06 € |
| | | | | | | | | | TOTAL SUBVENCIONABLE | 9.000,12€ |

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

Visto e prace

A Secretaria | O Alcalde